

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 27 DE NOVEMBRO DE 2009

### 1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

### 2.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á solicitude ao INEGA dunha subvención para a elaboración do Plan de mobilidade sustentábel do Concello.

Apróbase a solicitude de subvención para a elaboración do plan de mobilidade sustentábel do Concello de acordo co que se recolle no programa de axudas do Inega.

### 3.- Recoñecemento de obrigas anos anteriores.

Dáse conta a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por parte da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas.

### 4.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión das subvencións de ESCOLAS DEPORTIVAS 2009. (2ª fase).

Apróbase a concesión das subvencións de escolas deportivas 2009 a 9 entidades por un importe total de 11.007,97 euros.

### 5.- Aprobación de novo prego e inicio do expediente de contratación das obras incluídas no Proxecto de execución "EDIFICIO DE SERVIZOS" no Parque de Eugenio Granell no Paxonal.

Apróbase un novo prego e iníciase novamente a licitación das obras por procedemento aberto, fixándose un tipo de licitación de 214.435,31 euros máis IVE.

### 6.- Adxudicación provisional do contrato de Arrendamento de equipos de iluminación pública e instalación nas Rúas e Prazas do Casco Histórico e do Ensanche de Santiago de Compostela durante as festas de nadal 2009.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL, polos seguintes importes: lote I, 50.000 euros; lote II, 54.000 euros.

### 7.- Adxudicación provisional do contrato de servizo de deseño, edición e impresión de 37.000 calendarios de mesa do ano 2010.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa MARÍA PIÑEIRO MOURELLE, SL, por importe de 34.785,25 euros (IVE a soportar pola Administración).

### 8.- Proposta da concelleira delegada de Circulación relativa á solicitude de subvención ao INEGA para lámpadas de leds en semáforos.

Apróbase solicitar a subvención.

### 9.- Xustificación do convenio entre o Concello e a Consellería de Cultura relativo a distintas actividades culturais.

Xustifícase o convenio para as actividades Festival do Ilusionismo, Curtocircuito, Sons da Diversidade e Cineuropa, por importe de 110.000 euros.